

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1011ZL	CON/44/2016	18-11-16 11:45

Número 85 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de rexeneración do pavimento de calzada do Eixo, das rúas Estrada-Santas Mariñas-Picaños.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 85 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE CALZADA DO EIXO, DAS RÚAS ESTRADA-SANTAS MARIÑAS-PICAÑOS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 15 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, nº 2016/726 de data 16.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Jorge Duarte Vázquez**, concelleiro delegado de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade, e presidente da mesa de contratación da licitación "Rexeneración do pavimento de calzada do Eixo das rúas Estrada-Santas Mariñas-Picaños", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I1ZL	<i>Expediente</i> CON/44/2016	<i>Fecha</i> 18-11-16 11:45

Primeiro: Con data 25 de outubro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL.

Segundo: Con data 15 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL, CIF: B32404972, por un importe de **196.531,67 euros** (IVE aparte 21%: 41.271,67 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato ó xefe de servizo de obras e proxectos, D. Antonio Ranedo Santillana.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**, finalizándose as obras antes do 31 de decembro de 2016."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Rexeneración do pavimento de calzada do Eixo das rúas Estrada-Santas Mariñas-Picaños", a favor da empresa ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL, CIF: B32404972, por un importe de **196.531,67 euros**, (IVE aparte 21%: 41.271,67 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato ao xefe de servizo de obras e proxectos, D. Antonio Ranedo Santillana.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1011ZL	<i>Expediente</i> CON/44/2016	<i>Fecha</i> 18-11-16 11:45

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 15320 61900**, finalizándose as obras antes do 31 de decembro de 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

